



Ref.-AEG/axps
1088/15

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, PARA A PROMOCIÓN DA PARTICIPACIÓN DO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE VIGO EN PROGRAMAS DE FORMACIÓN E DOCENCIA CLÍNICA DO GRAO DE MEDICINA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, adscrito á Consellería de Sanidade, ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela, o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Facilitar a participación dos profesionais sanitarios do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo na impartición da docencia clínica en Medicina, para o cal a Universidade de Santiago de Compostela comprométese a ofertar a entre 60-80 alumnos/as a realización das materias prácticas de docencia clínica do 6º curso do grao en medicina no citado complexo hospitalario, durante a vixencia do presente convenio.

Para tal efecto, a Universidade de Santiago de Compostela comprométese a posibilitar o acceso daqueles profesionais a través da convocatoria de NOVE (9) prazas de PACs do CHUVI para o curso académico 2016-2017 e 2017-2018 que corresponderán ás seguintes áreas de coñecemento:

- Catro (4) prazas da área de coñecemento de Medicina (cardioloxía, dixestivo, neuroloxía e pneumoloxía).
- Unha (1) praza da área de Psiquiatría.
- Tres (3) prazas da área de Cirurxía (anestesioloxía, cirurxía vascular e neurocirurxía).
- Unha (1) praza da área de Pediatría.

Por outra banda, o Servizo Galego de Saúde comprométese a promover dita participación a través dunha axuda cun importe máximo de 59.629,68 euros, coa seguinte distribución por anualidades:

- Exercicio 2016: 9.938,28 euros
- Exercicio 2017: 29.814,84 euros.
- Exercicio 2018: 19.876,56 euros

A Universidade levará a cabo as accións necesarias para promover que as prazas poidan ser convocadas con cargo ao seu orzamento, previa existencia de recursos e autorización da Comunidade Autónoma, a partires do curso académico 2018-2019.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Con data 9 de outubro de 2015, asinouse, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde, a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo, o Convenio para a colaboración na docencia clínica do grao en medicina da Universidade de Santiago de Compostela.

Neste Convenio recóllese que a Facultade de Medicina da USC será a única que imparta o Grao en Medicina no Sistema Universitario de Galicia, correspondendo a responsabilidade académica do mesmo aos órganos de goberno e os departamentos da Facultade de Medicina e Odontoloxía da



USC que serán os encargados da planificación e organización docente da titulación, sen prexuízo da colaboración das Universidades da Coruña e de Vigo e do SERGAS na docencia clínica, conforme ao estipulado neste convenio.

Para o desenvolvemento da docencia clínica do Grao en Medicina, a USC poderá contar, como persoal propio, con profesionais sanitarios dos hospitais universitarios e centros de saúde de Galicia. Este persoal será contratado pola USC, como profesores asociados de ciencias da saúde (PACS), previo proceso selectivo de acordo co Decreto 266/2002.

O Servizo Galego de Saúde é consciente de que a participación activa dos profesionais sanitarios do CHUVI na docencia clínica dos estudantes de medicina supón un estímulo importante para a súa actualización e formación continuada o que redundará nunha maior satisfacción dos profesionais e nunha mellor atención ós cidadáns.

Por iso, o Servizo Galego de Saúde considera moi importante que o CHUVI colabore coa Facultade de Medicina e Odontoloxía da USC participando na docencia clínica do Grao de Medicina.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 13 de abril de 2016.

A secretaria xeral técnica

Josefina Monteagudo Romero.